

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA (FEGALOITA), PARA A COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE EMPODERAMENTO E AUTOCAPACIDADES CON MULLERES VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

A Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir unha atención integral e coordinada dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero.

A Instrución 7/2016, da Secretaría de Estado de Seguridade, pola que se establece un novo protocolo para a valoración policial do nivel de risco de violencia de xénero (Lei Orgánica 1/2004) e de xestión da seguridade das vítimas, establece no seu anexo II o fomento dos cursos de defensa persoal.

(2) Antecedentes:

a Federación Galega de Loita (FEGALOITA) , segundo o disposto no artigo 1 dos seus estatutos, constitúese como unha entidade asociativa, sen ánimo de lucro, gozando de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cun ámbito territorial que comprende a Comunidade Autónoma Galega e que está integrada polos clubs deportivos, as seccións deportivas, deportistas, técnicos, adestradores, xuíces, árbitros e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos, co obxectivo de promover, practicar, en xeral, contribuír ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva.



A Federación Galega de Loita, ademais das súas propias competencias, exerce por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Administración Pública.

(3) Finalidade:

Para os efectos sinalados, con data 6 de novembro de 2019 formalizouse coa Federación Galega de Loita, o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

(4) O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Loita (FEGALOITA), para a difusión e apoio do proxecto de empoderamento e autocapacidades con mulleres en xeral, e con vítimas da violencia de xénero e sexual en particular, a través de accións de adestramento físico e psíquico así como da creación de protocolos de actuación para a prevención de situacións de violencia, no marco da Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero,

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

A violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

FEGALOITA ten deseñado e desenvolve un proxecto de empoderamento e autocapacidades con mulleres, tamén con vítimas da violencia de xénero e sexual, a través de accións de adestramento físico e psíquico así como da creación de protocolos de actuación ante diversas situacións, tanto para a prevención de situacións de violencia como de actuación ante situacións de conflito.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, de cara a mellorar a atención que se presta ás mulleres vítimas de violencia de xénero e sexual en Galicia, estima conveniente asinar un convenio de colaboración coa



Federación Galega de Loita (FEGALOITA), para a colaboración no desenvolvemento de accións en marcadas no proxecto de empoderamento e autocapacidades con mulleres en xeral, e con vítimas da violencia de xénero e sexual en particular, a través de accións de adestramento físico e psíquico así como da creación de protocolos de actuación para a prevención de situacións de violencia, no marco da Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero,

O carácter singular do presente Convenio, ven determinado por razóns de interese público, e cómpre sinalar que na nosa Comunidade Autónoma, só no pasado ano 2018, máis de 1.300 mulleres foron vítimas directas da violencia de xénero, 3 delas con resultado de morte, o que fai evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a previr e detectar estes casos e a apoiar ás súas vítimas, e leva á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a establecer a presente colaboración.

(6) Aplicacións orzamentarias:

05.11.313D.481.0 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

Contía total: 40.000 € (corenta mil euros)

O financiamento deste Convenio enmárcase nos fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, correspondentes á CCAA de Galicia.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

